



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Sistemas Español e Galego de Innovación

Materia	Sistemas Español e Galego de Innovación			
Código	004M006V01203			
Titulación	Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	López Lozano, María Ángeles			
Profesorado	López Lozano, María Ángeles Varela Rey, Manuel Antonio Viña González, Guillermo			
Correo-e	dirottri@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	<p>A innovación é unha disciplina que deben practicar todas as empresas, independentemente da súa dimensión ou do sector onde compitan.</p> <p>Na envolvente de rápidos cambios, interrelacións entre axentes e globalización económica, as empresas non poden deixar de coñecer e manterse ao tanto da estrutura e mudanzas do sistema de innovación no que desenvolven a súa actividade, así como das posibilidades de desenvolvemento, servizos, axuda e cooperación que neste entorno existen.</p>			

## Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B3	Habilidade na procura de información especializada e proveniente de distintas fontes
B7	Capacidade de análise e vixilancia dos ambientes empresariais (contorno xurídico, fiscal, social, institucional, etc.)
B10	Coñecemento do contexto institucional da innovación empresarial
C4	Capacidade para deseñar, implementar e xestionar proxectos innovadores
C6	Capacidade para aplicar, de forma oportuna, ferramentas e metodoloxías de xestión da innovación
C10	Capacidade para avaliar o impacto e oportunidades que poida xerar a contorna das empresas
D1	Capacidade para traballar en equipos interdisciplinares

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer o marco conceptual do sistema de innovación, as tipoloxías, as interrelacións existentes, os axentes que interveñen na innovación.	A1 A2 A3 A5 B3 B10 C6
Coñecer e analizar os distintos marcos administrativo-financeiros de I+D+i: Plan nacional de I+D+i, Plan Galego de I+D+i, Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia.	A1 A3 A5 B3 B7 B10 C4 C10 D1
Analizar o papel que desempeña a administración nos procesos de innovación. Coñecemento do contexto institucional da innovación empresarial.	A1 A2 A3 A4 B3 B7 B10 C6 D1
Identificar os axentes do sistema de innovación que poden contribuir ao desenvolvemento dos proxectos da empresa: os centros de investigación, as universidades, os centros tecnolóxicos, outras empresas...	A1 A2 A3 A4 A5 B3 B7 B10 C4 C10
Adquirir as habilidades necesarias para planificar e pór en marcha proxectos innovadores na empresa	A2 A3 B3 B7 C4 D1
Familiarizarse con fontes de financiamento da innovación de carácter privado, así como as estruturas de soporte a posta en marcha de iniciativas innovadoras (incubadoras, OTRI, parques tecnolóxicos...)	A1 A2 A5 B3 B7 C4 C10 D1

## Contidos

Tema	
Marco conceptual da innovación e sistema nacional de innovación	Definición de innovación. Tipoloxía. Estratexia da empresa. Indicadores de innovación. Introdución ao sistema nacional de innovación Estratexia estatal de Innovación
Sistema español de innovación	Elementos que integran o sistema nacional de innovación. Os contornos científico, tecnolóxico, produtivo e financeiro. O rol da administración no proceso de innovación. As fontes de financiamento da I+D+i a nivel nacional: O Plan nacional de I+D+i As Axudas CDTI
Sistema galego de innovación	Elementos que integran o sistema galego de innovación. Os contornos científico, tecnolóxico, produtivo e financeiro. O rol da administración autonómica no proceso de innovación. Política e instrumentos. A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia. As fontes de financiamento público da I+D+i en Galicia: O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento

As Infraestruturas de apoio á innovación e o financiamento privado á innovación. As relacións entre os axentes do sistema de innovación

Os parques científicos e tecnolóxicos. Os centros de innovación e tecnoloxía. As OTRI. As plataformas tecnolóxicas. Os centros de empresas e innovación. As incubadoras  
O financiamento privado da innovación: o capital risco, business angels...  
A colaboración público privada en innovación. A transferencia tecnolóxica

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Saídas de estudo/prácticas de campo	5	0	5
Estudo de casos/análises de situacións	3	29	32
Sesión maxistral	7	30	37
Probas de tipo test	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Saídas de estudo/prácticas de campo	Visita a centros tecnolóxicos, empresas, e parque tecnolóxico, para poñer en práctica os coñecementos adquiridos na aula
Estudo de casos/análises de situacións	Análise de diversos sistemas de innovación. Estudo de casos prácticos de proxectos innovadores, o seu financiamento, os axentes de innovación que interveñen, os seus resultados. Exemplos prácticos.
Sesión maxistral	As sesións presenciais consistirán na exposición por parte do profesorado da materia obxecto de cada un dos bloques descritos nos contidos. Facilitarase ao alumnado o material preciso para a comprensión de cada módulo e fomentarase a participación na aula do alumnado introducindo material audiovisual e exemplos prácticos. A avaliación realizarase mediante preguntas curtas ou tipo test, e mediante o desenvolvemento de casos e análise de situacións que contemplan os aspectos tratados na materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	O profesorado facilitará aos alumnos asistencia para a resolución de casos prácticos e o desenvolvemento e análise de situacións. O debate, a orientación e a resolución de dúbidas levarase a cabo principalmente nas sesións presenciais.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos/análises de situacións	Desenvolvemento de casos prácticos e análise de situacións que contemplan os diversos apartados tratados na materia: proxectos innovadores, estratexia de financiamento dos proxectos, implicación das estruturas de apoio á innovación, análise de diferentes sistemas de innovación...	80	A1 B3 C4 D1 A2 B7 C6 A3 B10 C10 A4 A5
Probas de tipo test	Realizarase unha proba de seguimento que consistirá nun cuestionario, ou ben de preguntas curtas, ou tipo test para elixir entre catro respostas propostas, entre as cales só unha é a correcta. O cuestionario conterá un máximo de 15 cuestións.	20	A1 B10

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos disporán de dúas oportunidades de avaliación, que se corresponden coas convocatorias ordinaria e extraordinaria. As datas dos exames fixaranse no calendario académico do máster. De ter que entregar traballos, e non figurar esto no calendario, fixarase a data límite no día previo á data do examen. As notas das partes aprobadas manteranse para a convocatoria extraordinaria. Entenderase que o alumno non se presenta á materia cando non acuda ao examen nin entregue os traballos na data indicada. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2015-2016. Non obstante, o calendario pode ser modificado ao longo do curso por algún imprevisto. Consulten a páxina web do Máster por se hai cambios no mesmo. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán, as sinaladas na mencionada páxina web (<http://mastercidie.webs.uvigo.es/index.php/gl/docencia-menu-es/horarios-y-guía-nuevo-alumnado>). Observación: Calquera evidencia de traballos plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso nas dúas convocatorias.

---

**Bibliografía. Fontes de información**

---

Fundación Cotec, **Informe Cotec 2013**,

Xunta de Galicia, **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia**,

Fundación CyD, **Informe CyD 2013**,

Fundación CyD, **Ecosistema de innovación sostenible. El conocimiento circular**,

Mikel Buesa, **O sistema de innovación en España: Un panorama**, ICE Innovación y Competitividad,

Xavier Vence, **Sistema galego de innovación políticas de innovación: balance dunha década**, Revista galega de economía,

---

---

**Recomendacións**

---

**Materias que continúan o temario**

---

Desenvolvemento e Comercialización de Proxectos I+D+i/O04M006V01108

Políticas de I+D e Innovación na Unión Europea/O04M006V01206

---